

Enquisa de poboación activa. Segundo trimestre de 2011

NOTA DE PRENSA

No segundo trimestre de 2011 a taxa de paro sitúase no 16,7%

Activos

No segundo trimestre de 2011 a poboación galega de 16 ou máis anos é de 2.377.500 persoas, das cales 1.310.900 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 55,1%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos aumenta en 3.700 persoas e a taxa de actividade dúas décimas.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de activos aumenta en 15.500 persoas e a taxa de actividade sete décimas.

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Segundo trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 ou máis anos	2.377,5	-3,0	-0,1	-5,7	-0,2
Activos	1.310,9	3,7	0,3	15,5	1,2
Ocupados	1.091,4	10,7	1,0	-2,3	-0,2
Parados	219,6	-6,9	-3,0	17,8	8,8
Inactivos	1.066,5	-6,8	-0,6	-21,2	-1,9

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por sexo, a taxa de actividade feminina aumenta catro décimas con respecto ao primeiro trimestre de 2011 e sitúase no 49,2%. Pola súa banda, a taxa de actividade masculina permanece constante no 61,6%.

Poboación activa e taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Segundo trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior		
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	
Poboación activa						
Total	1.310,9	3,7	0,3	15,5	1,2	
Homes	700,0	-0,7	-0,1	-0,8	-0,1	
Mulleres	610,9	4,4	0,7	16,2	2,7	
Taxa de actividade						
Total	55,1	0,2	-	0,7	-	
Homes	61,6	0,0	-	0,0	-	
Mulleres	49,2	0,4	-	1,4	-	

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ocupados

A ocupación aumenta en 10.700 persoas no trimestre ata situarse en 1.091.400 ocupados. A taxa de ocupación medra 5 décimas no segundo trimestre de 2011 con respecto ao trimestre anterior.

Nos últimos doce meses o número de ocupados diminúe en 2.300 persoas o que supón unha redución do 0,2% do número de ocupados nun ano.

Por sexo, neste trimestre prodúcese un incremento no número de homes ocupados (4.600 máis que no trimestre anterior) e no de mulleres (6.200 máis). Isto tradúcese nunha suba de 0,4 puntos na taxa de ocupación masculina e 0,6 puntos na feminina.

Con respecto ao segundo trimestre do ano 2010, o número de homes ocupados descende en 9.300 persoas mentres que o de mulleres ocupadas medra en 7.000. En termos relativos, isto supón unha diminución interanual do 1,6% para os homes e un incremento do 1,4% para as mulleres.

Poboación ocupada e taxas de ocupación segundo o sexo. Galicia. Segundo trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación ocupada					
Total	1.091,4	10,7	1,0	-2,3	-0,2
Homes	588,4	4,6	0,8	-9,3	-1,6
Mulleres	503,0	6,2	1,2	7,0	1,4
Taxa de ocupación					
Total	45,9	0,5	-	0,0	-
Homes	51,8	0,4	-	-0,7	-
Mulleres	40,5	0,6	-	0,7	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE 2009), o número de ocupados na construción baixa en 1.300 persoas no trimestre e sitúase en 93.700. A agricultura e pesca perden 500 ocupados, mentres que os servizos e a industria gañan 4.800 e 7.700, respectivamente.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de ocupados na construción e na agricultura e pesca caen un 9,6% e un 3,5%, respectivamente. Porén, os ocupados nos servizos e na industria medran un 0,8% e un 2,8%, respectivamente.

Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Segundo trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.091,4	10,7	1,0	-2,3	-0,2
Agricultura e pesca	83,1	-0,5	-0,6	-3,0	-3,5
Industria	178,7	7,7	4,5	4,8	2,8
Construción	93,7	-1,3	-1,4	-10,0	-9,6
Servizos	735,9	4,8	0,7	6,0	0,8

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Asalariados

En Galicia hai 854.900 asalariados no segundo trimestre de 2011, 644.700 con contrato indefinido e os 210.200 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior hai 2.800 asalariados máis con contrato indefinido, o que supón un incremento do 0,4%. O número de asalariados con contrato temporal aumentou en 9.600 persoas (un 4,8% máis). No que

respecta á variación interanual, os asalariados con contrato indefinido diminuíron un 0,3% e os con contrato temporal un 1,2%.

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados, aumenta 8 décimas neste trimestre ata o 24,6%.

**Poboación asalariada segundo tipo de contrato e taxa de temporalidade. Galicia.
Segundo trimestre de 2011**

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación asalariada					
Total	854,9	12,5	1,5	-4,3	-0,5
Contrato indefinido	644,7	2,8	0,4	-1,7	-0,3
Contrato temporal	210,2	9,6	4,8	-2,5	-1,2
Taxa de temporalidade	24,6	0,8	-	-0,2	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Parados

No segundo trimestre de 2011 Galicia conta con 219.600 parados, 6.900 menos que no trimestre anterior. En termos relativos isto supón unha diminución do 3%. A taxa de paro baixa 6 décimas e sitúase no 16,7%.

Con respecto ao segundo trimestre do ano 2010, o número de parados aumenta en 17.800 persoas (un 8,8%) e a taxa de paro 1,1 puntos.

Este trimestre o paro baixa máis entre os homes (5.200 parados menos) que entre as mulleres (1.800). O número total de homes parados é de 111.700 e o de mulleres 107.900. A taxa de paro masculina e feminina diminúe 0,7 e 0,4 puntos ata o 16% e o 17,7%, respectivamente.

No tocante á variación interanual, o número de parados increméntase en 8.600 persoas entre os homes (un 8,3% máis) e 9.200 entre as mulleres (un 9,3% máis).

Poboación parada e taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Segundo trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación parada					
Total	219,6	-6,9	-3,0	17,8	8,8
Homes	111,7	-5,2	-4,4	8,6	8,3
Mulleres	107,9	-1,8	-1,6	9,2	9,3
Taxa de paro					
Total	16,7	-0,6	-	1,1	-
Homes	16,0	-0,7	-	1,3	-
Mulleres	17,7	-0,4	-	1,1	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Fogares

No segundo trimestre de 2011, o número de fogares con polo menos un activo e nos que todos os seus membros activos están parados baixou en 7.600 fogares, ata acadar os 61.800. Respecto ao segundo trimestre de 2010 esta tipoloxía de fogares incrementase un 2,8%.

Pola súa banda, o número de fogares nos que todos os seus membros activos son ocupados incrementase en 1.400. O número de fogares nesta situación é de 554.300. En relación co mesmo trimestre do ano anterior hai 3.700 fogares menos nesta situación, o que supón unha baixada do 0,7% en termos relativos.

Vivendas segundo a tipoloxía de actividade. Galicia. Segundo trimestre de 2011

Miles de vivendas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.022,2	-0,4	0,0	7,9	0,8
Fogares con polo menos un activo	742,5	-2,6	-0,3	9,7	1,3
Todos os activos son ocupados	554,3	1,4	0,3	-3,7	-0,7
Todos os activos son parados	61,8	-7,6	-11,0	1,7	2,8
Con ocupados e parados	126,4	3,6	2,9	11,6	10,1
Fogares nos que non hai ningún activo	279,6	2,1	0,8	-1,9	-0,7

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Poboación xuvenil

Dos 401.300 mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 166.100 están ocupados, 68.800 parados e os 166.500 restantes son inactivos (o 85,5% estudantes).

A taxa de ocupación deste colectivo sitúase no 41,4% no segundo trimestre de 2011. Con respecto ao trimestre anterior medrou oito décimas e con respecto ao mesmo trimestre do ano 2010 baixou 1,4 puntos.

A taxa de paro xuvenil baixou durante o trimestre 1,7 puntos ata situarse no 29,3%. En comparación co segundo trimestre de 2010 incrementouse 1,8 puntos.

Poboación de 16 a 29 anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Segundo trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 a 29 anos	401,3	-5,2	-1,3	-19,7	-4,7
Activos	234,9	-4,1	-1,7	-13,4	-5,4
Ocupados	166,1	1,1	0,7	-14,0	-7,8
Parados	68,8	-5,2	-7,0	0,6	0,9
Inactivos	166,5	-1,0	-0,6	-6,3	-3,6
Taxa de actividade	58,5	-0,3	-	-0,4	-
Taxa de ocupación	41,4	0,8	-	-1,4	-
Taxa de paro	29,3	-1,7	-	1,8	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No segundo trimestre de 2011, o 78,6% dos ocupados de entre 16 e 29 anos ten xornada completa. Para o conxunto dos ocupados esta porcentaxe é do 87,2%. Con respecto ao primeiro trimestre de 2011, diminúe o número de mozos con xornada completa (1,1%) e incrementase o número dos que teñen xornada parcial (7,9%). Con respecto ao segundo trimestre de 2010 prodúcese unha baixada do 8,5% nos mozos ocupados con xornada completa e do 5,1% para os que teñen xornada parcial.

Poboación ocupada de 16 a 29 anos segundo o tipo de xornada. Galicia. Segundo trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Tipo de xornada					
Total	166,1	1,1	0,7	-14,0	-7,8
Completa	130,5	-1,5	-1,1	-12,1	-8,5
Parcial	35,6	2,6	7,9	-1,9	-5,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Dos 144.100 asalariados existentes neste trimestre de entre 16 e 29 anos, 66.900 teñen contrato indefinido, o que supón unha diminución do 3,9% respecto ao trimestre anterior e do

16,7% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. Pola súa banda o número de mozos asalariados con contrato temporal medrou un 2,5% no trimestre ata situarse en 77.100. Respecto ao segundo trimestre de 2010 produciuse unha caída do 8,8% para os mozos con este tipo de contrato.

A taxa de temporalidade para o colectivo dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos sitúase no 53,5% no segundo trimestre de 2011. Con respecto ao trimestre anterior esta taxa incrementouse 1,6 puntos e con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior 2,2 puntos.

Poboación asalariada de 16 a 29 anos segundo a duración do contrato. Galicia. Segundo trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Duración do contrato					
Total	144,1	-0,7	-0,5	-20,7	-12,6
Indefinido	66,9	-2,7	-3,9	-13,4	-16,7
Temporal	77,1	1,9	2,5	-7,4	-8,8
Taxa de temporalidade	53,5	1,6	-	2,2	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Grandes municipios

Para os sete grandes municipios galegos, Lugo é o que presenta a maior taxa de ocupación (52,8%). Ferrol, cun 42,3%, é o concello coa menor taxa de ocupación, e Pontevedra e Vigo son os que contan cunha maior taxa de paro (20,9% e 19,9%, respectivamente).

Poboación segundo a relación coa actividade económica e taxas de actividade, ocupación e paro. Grandes municipios galegos. Segundo trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago de Compostela	Vigo	Ferrol
Poboación de 16 ou máis anos	210,9	86,9	95,0	71,9	82,0	255,2	61,4
Activos	123,3	52,3	54,3	42,8	50,6	156,4	32,1
Ocupados	102,4	45,9	45,9	33,9	42,2	125,2	26,0
Parados	20,9	6,4	8,3	8,9	8,4	31,2	6,1
Inactivos	87,6	34,6	40,7	29,1	31,4	98,9	29,4
Taxa de actividade	58,5	60,2	57,2	59,5	61,8	61,3	52,2
Taxa de ocupación	48,5	52,8	48,4	47,1	51,5	49,0	42,3
Taxa de paro	17,0	12,2	15,4	20,9	16,6	19,9	19,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

Información detallada en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204008

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>
Síguenos en Twitter: [http://twitter.com#!/IGE Estadística](http://twitter.com#!/IGE_Estadistica)